



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **INTRODUCCIÓN Á INVESTIGACIÓN**  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016  
CURSO 2021-22

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: INTRODUCCIÓN Á INVESTIGACIÓN											
ESPECIALIDADES	Todas							ITINERARIOS	Todos		
CARÁCTER	Formación básica							TIPO DE CLASE	Colectiva		
DEPARTAMENTO	Musicoloxía							XEFE DE DEPARTAMENTO	Sergio Añón Lijó		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR DA DISCIPLINA	Sergio Añón Lijó	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	2	
ECTS/CUADRIMESTRE						3			Observacións		
DOCENTES	NOME E APELIDOS							EMAIL / TLF. /WEB		TITORÍA	
	Sergio Añón Lijó							<a href="mailto:sergioanonlijo@edu.xunta.es">sergioanonlijo@edu.xunta.es</a>		Mércores e xoves, 13:00-13:30 (ou mediante videoconferencia concertada por correo electrónico en caso de confinamento ou corentena).	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	
Fundamentos de heurística relativos á busca, definición e localización das fontes da música. Técnicas específicas de estudo e de hermenéutica. Manexo de recursos bibliográficos, ferramentas de consulta e fontes diversas (literarias, musicais, iconográficas, de tradición oral, sonoras, etc.).	
COÑECEMENTOS PREVIOS	
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Un axeitado nivel de comprensión lectora e expresión oral e escrita.</li> <li>-Un axeitado nivel de coñecementos sobre xeografía e historia, historia da arte e historia da música.</li> <li>-Un mínimo nivel de comprensión lectora en lingua inglesa.</li> <li>-Un manexo medio dun procesador de texto e un software para presentacións.</li> </ul>	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto de Introducción á investigación, existe unha relación obvia co TFE. A aprendizaxe acadada en disciplinas coma Organoloxía, Música e culturas, Análise e outras materias teóricas de cada especialidade marcará a capacidade investigadora do alumnado.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8, T14.
COMPETENCIAS XERAIS:	X10, X13, X18, X25, X26.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.
Ver a lista e descrición de competencias nos decretos 163/2015 e 171/2016.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Ter a capacidade de elixir un tema orixinal e significativo.	T3, X26, EC7, EM6, EP10.
2. Ter a capacidade planificar e organizar de forma eficiente o traballo.	T1, T3, EC7, EM6, EP10.
3. Coñecer os diferentes tipos de fontes e traballar adecuadamente con elas.	T1, T2, EC7, EM5, EM6, EP10.
4. Coñecer e empregar adecuadamente diferentes recursos de pescuda de fontes.	T2, T4, EC7, EM6, EP10.
5. Saber escoller e aplicar a metodoloxía axeitada para cada caso.	T1, T2, T3, T4, X13, X25, X26, EC7, EM6, EP10.
6. Coñecer e elaborar diferentes tipos de escrito académico, co fin de transmitir axeitadamente o froito do traballo realizado.	T8, X10, X18, EC10, EI6.



4. CONTIDOS		
TEMA	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Introdución	Presentación do alumnado, contidos, lecturas e ferramentas de avaliación.	0,5
Investigar e comunicar	Conceptos xerais. Investigación, actividade académica e científicidade no ámbito artístico e musical.	0,5 0,5
Elección do tema	Campos de estudo, paradigmas e tipos de tema. Acoutamento do tema.	1 0,5
Metodoloxías	Investigación histórica, analítica e filolóxica. Investigación etnomusicolóxica. Investigación en educación musical, psicoloxía e socioloxía da música. Investigación poética e performativa.	1 0,5 0,5 0,5
Traballo coas fontes	Tipos de fontes. Recursos para a pescuda. Software de xestión bibliográfica. Técnicas de lectura. Análise crítica das fontes. Campo e habitus. Tarxetas de referencia e fichas. Cita, paráfrase, comentario e coñecemento xeral. Plaxio.	1 0,5 1
Planificación	Estado da cuestión e fundamento teórico. Hipótese, obxectivos e preguntas de investigación. Deseño da metodoloxía. Análise e discusión.	0,5 0,5 0,5 0,5
Redacción	Tipos de escritos. Adecuación do rexistro e do contido. Uso dos verbos e os conectadores. Argumentación e ordenación do discurso. Parágrafos, apartados e capítulos. Resumo, palabras clave e conclusións.	0,5 0,5 0,5 0,5 0,5
Presentación	Citas textuais e notas a pe de páxina. Sistemas de referencia e listados de fontes. Epígrafes e lendas. Nomenclaturas, tipografía e outras cuestións formais.	0,5 0,5 0,5
Actividades complementarias e de repaso		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
O traballo dos contidos desenvólvese por proxectos, de forma acumulativa. A exposición dos mesmos faise por capas, partindo do deseño da investigación e unha visión xeral das ferramentas precisas para a súa realización. A aplicación das mesmas tutélase seguindo un modelo de taller. Este traballo altermase con exercicios comúns e o estudo de casos prácticos para completar a formación do alumnado.			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias	1	0	1
Exposición maxistral	8	0	8
Análise guiada e comentario de fontes	14	4	18
Pescuda de información	0	20	20
Realización de traballos	0	25	25
Exposición de traballos	4	0	4
Repaso individual	0	5	5
Actividades complementarias	2	4	6
Actividades de avaliación	2	0	2
Avaliación do proceso	1	0	1
TOTAL HORAS:	32	58	90
En caso de confinamento ou corentena dalgún grupo ou estudante, as actividades docentes desenvolveranse de forma telemática a través de Aula Cesga, mediante a ferramenta de videoconferencia e os foros.			



6. AVALIACIÓN			
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA CON AVALIACIÓN CONTINUA			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p><b>Seguimento continuado</b> do nivel de asimilación de contidos e adquisición de competencias:</p> <p>-Ensaio sobre historiografía (até 2 puntos).</p> <p>-Tarefas preliminares (até 4 puntos): ‘Propostas’, ‘Dicionarios’, ‘Coleccións’, ‘Revistas’, ‘Teses’, ‘Libros’ e ‘Web’.</p> <p>-Presentación das actividades propostas e exposición de dúbidas razoables sobre as mesmas (até 4 puntos): durante as clases (ou a través de Aula Cesga mediante as videoconferencias e os foros en caso de confinamento ou corentena).</p>	<p>-Participación construtiva.</p> <p>-Asimilación dos contidos.</p> <p>-Uso correcto dos conceptos e a terminoloxía.</p> <p>-Capacidade de comprensión e síntese.</p> <p>-Capacidade para relacionar ideas e conceptos.</p> <p>[Concreción dos criterios de avaliación CTEAS* n.ºs 9, 10, 11, 13, 14 e XTSM** n.ºs 1, 8, 13, 17, 18, 32]</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T8, T14.</p> <p>X10, X13, X18, X25, X26.</p> <p>EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.</p>	30%
<p><b>Portafolios de exercicios</b> que deberá recoller os seguintes contidos: ‘Caso práctico’, ‘Capturas de Zotero’, ‘Elaboración de paráfrases’, ‘Corrección de listados’ e ‘Crebacabezas de artigos’.</p>	<p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>-Corrección formal na presentación escrita.</p> <p>-Orixinalidade.</p> <p>[Concreción dos criterios de avaliación CTEAS* n.ºs 9, 10, 11, 13, 14, 16 e XTSM** n.ºs 1, 8, 13, 17, 18, 32]</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T8, T14.</p> <p>X10, X13, X18, X25, X26.</p> <p>EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.</p>	30%
<p><b>Portafolios de actividades</b> que deberá incluír:</p> <p>-Portada.</p> <p>-Un <b>resumo</b> ou <i>abstract</i> (200 palabras aprox.) e <b>palabras clave</b>.</p> <p>-Índice.</p> <p>-Unha <b>proposta de investigación</b> (5 páxinas aprox.) sobre un tema acordado co profesor, incluíndo os seguintes apartados: 1. Obxecto de estudo e xustificación; 2. Estado da cuestión; 3. Fundamento teórico; 4. Obxectivos; 5. Métodos e fontes primarias.</p> <p>-Un <b>borrador</b> (5 páxinas aprox.) para os seguintes apartados: 6. Resultados específicos; 7. Discusión xeral; 8. Conclusión. Inclúiranse os títulos das diversas seccións, un parágrafo introdutorio para cada unha delas e os títulos dos apartados. Dentro de cada apartado inclúiranse paráfrases, citas ou insertos co axeitado tratamento. As referencias faranse a <b>pe de páxina</b> en estilo Chicago.</p> <p>-Un <b>listado de fontes</b> en sistema de notas e bibliografía segundo o estilo Chicago.</p> <p>-Un anexo cun breve <b>artigo</b> (700 palabras aprox.) sobre o tema, coas referencias e o listado de fontes en sistema <b>autorano</b>, segundo o estilo Chicago.</p> <p>-Un anexo cos <b>recortes</b> da portada e a páxina legal dos libros, e dos títulos dos artigos ou outras fontes empregadas.</p>	<p>-Uso correcto dos conceptos e a terminoloxía.</p> <p>-Capacidade de argumentación.</p> <p>-Adecuada referencia ás fontes empregadas.</p> <p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>-Corrección formal na presentación escrita.</p> <p>-Coñecemento dos recursos para a pescuda de información.</p> <p>-Capacidade para xestionar a información de forma eficiente.</p> <p>-Orixinalidade do tema.</p> <p>-Adecuada presentación e comentario das fontes secundarias no estado da cuestión.</p> <p>-Establecemento do enfoque epistemolóxico e concreción das fontes no fundamento teórico.</p> <p>-Rotulado adecuado e coherente dos títulos, epígrafes e lendas.</p> <p>-Emprego adecuado da tipografía, e outros requisitos formais.</p> <p>-Uso coherente de marxes, sangrías, espazos entre espazos e liñas, etc.</p> <p>-Riqueza e pertinencia na revisión bibliográfica.</p> <p>-Variedade de fontes primarias e secundarias.</p> <p>[Concreción dos criterios de avaliación CTEAS* n.ºs 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e XTSM** n.ºs 1, 8, 13, 17, 18, 32]</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T8, T14.</p> <p>X10, X13, X18, X25, X26.</p> <p>EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.</p>	40%
<p><b>OBSERVACIÓNS</b></p> <p>-Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia (ou 4 semanas de docencia sen participar nas actividades telemáticas) perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa). A falta de participación durante o período de confinamento no afectará a tal dereito.</p> <p>-Os coñecementos e competencias previos requiridos para cursar a materia constitúen un nivel mínimo esixible para os criterios correspondentes.</p> <p>-Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha tarefa ou proba implicará unha cualificación global de 0 na disciplina. De non seren presentados os recortes requiridos para unha fonte, anularase a consideración da mesma na avaliación.</p> <p>-Poderanse conceder matriculas de honra ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9.</p> <p>* Comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores.</p> <p>** Xerais do/a titulado/a superior de Música.</p>			



6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)  
(Alumnos que superen as 4 faltas por cuadrimestre establecidas no centro polo consello escolar)

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p><b>Probas escritas</b> (a través de Aula Cesga en caso de confinamento ou corentena) que incluirán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Preguntas curtas.</li> <li>-Exercicios teórico-prácticos.</li> <li>-Proba práctica de traballo con fontes, xestión da información e deseño metodolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Asimilación dos contidos.</li> <li>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados.</li> <li>-Claridade e orde na exposición das ideas.</li> <li>-Adecuación do rexistro lingüístico.</li> <li>-Corrección formal na presentación escrita.</li> <li>-Coñecemento dos recursos específicos para a pescuda de información.</li> <li>-Capacidade para xestionar a información de forma eficiente.</li> </ul> <p>[Concreción dos criterios de avaliación CTEAS* n.ºs 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e os XTSM** n.ºs 1, 8, 13, 17, 18, 32]</p>	T1, T2, T3, T4, T8, T14, X10, X13, X18, X25, X26, EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.	50%
<p><b>Portafolios de actividades</b> que deberá incluír:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Portada.</li> <li>-Un <b>resumo</b> ou <i>abstract</i> (200 palabras aprox.) e <b>palabras clave</b>.</li> <li>-Índice.</li> <li>-Unha <b>proposta de investigación</b> (5 páxinas aprox.) sobre un tema acordado co profesor, incluíndo os seguintes apartados : 1. Obxecto de estudo e xustificación; 2. Estado da cuestión; 3. Fundamento teórico; 4. Obxectivos; 5. Métodos e fontes primarias.</li> <li>-Un <b>borrador</b> (5 páxinas aprox.) para os seguintes apartados: 6. Resultados específicos; 7. Discusión xeral; 8. Conclusión. Incluiranse os títulos das diversas seccións, un parágrafo introdutorio para cada unha delas e os títulos dos apartados. Dentro de cada apartado incluíranse paráfrases, citas ou insertos co axeitado tratamento. As referencias faranse a <b>pe de páxina</b> en estilo Chicago.</li> <li>-Un <b>listado de fontes</b> en sistema de notas e bibliografía segundo o estilo Chicago.</li> <li>-Un anexo cun breve <b>artigo</b> (700 palabras aprox.) sobre o tema, coas referencias e o listado de fontes en sistema <b>autorano</b>, segundo o estilo Chicago.</li> <li>-Un anexo cos <b>recortes</b> da portada e a páxina legal dos libros, e dos títulos dos artigos ou outras fontes empregadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía.</li> <li>-Capacidade de argumentación.</li> <li>-Adecuada referencia ás fontes empregadas.</li> <li>-Claridade e orde na exposición das ideas.</li> <li>-Adecuación do rexistro lingüístico.</li> <li>-Corrección formal na presentación escrita.</li> <li>-Coñecemento dos recursos para a pescuda de información.</li> <li>-Capacidade para xestionar a información de forma eficiente.</li> <li>-Orixinalidade do tema.</li> <li>-Adecuación da metodoloxía.</li> <li>-Adecuada presentación e comentario das fontes secundarias no estado da cuestión.</li> <li>-Establecemento do enfoque epistemolóxico e concreción das fontes no fundamento teórico.</li> <li>-Rotulado adecuado e coherente dos títulos, epígrafes e lendas.</li> <li>-Emprego adecuado da tipografía, e outros requisitos formais.</li> <li>-Uso coherente de marxes, sangrías, espazos entre espazos e liñas, etc.</li> <li>-Riqueza e pertinencia na revisión bibliográfica.</li> <li>-Variedade de fontes primarias e secundarias.</li> </ul> <p>[Concreción dos criterios de avaliación CTEAS* n.ºs 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e XTSM** n.ºs 1, 8, 13, 17, 18, 32]</p>	T1, T2, T3, T4, T8, T14, X10, X13, X18, X25, X26, EC7, EC10, EI6, EM5, EM6, EP10.	50%

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia (ou 4 semanas de docencia sen participar nas actividades telemáticas) terán dereito a se presentar a unha avaliación final na data fixada polo centro dentro do calendario de exames da convocatoria ordinaria (terceira semana de maio). Neste exame non se terán en conta posibles reducións de materia ou calquera outra consideración feita durante as clases.
- Os coñecementos e competencias previos requiridos para cursar a materia constitúen un nivel mínimo esixible para os criterios correspondentes.
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha tarefa ou proba implicará unha cualificación global de 0 na disciplina. De non seren presentados os recortes requiridos para unha fonte, anularase a consideración da mesma na avaliación.
- \* Comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores.
- \*\* Xerais do/a titulado/a superior de Música.

6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA

Os alumnos aos que lles reste so esta materia para rematar o plan de estudos poderán solicitar á xefatura de estudos un adianto da convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da segunda semana do calendario de exames (última semana de xuño). A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
Dificultades graves de visión	Reserva de asento na primeira fila, escritura ampla no encerado, deletreado de termos, especial atención para a resolución de dúbidas e posible adaptación das actividades de avaliación de ser preciso.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p><b>REFERENCIAS BÁSICAS</b></p> <p>Chiantore, Luca, Áurea Domínguez Moreno e Silvia Martínez García. <i>Escribir sobre música</i>. Madrid: Musikeon, 2016.</p> <p>Ginesi, Gianni. <i>Seguir el discurso: La entrevista en profundidad en la investigación musical</i>. S.l.: SIBE, 2018.</p> <p>López-Cano, Rubén, e Úrsula San Cristóbal Opazo. <i>Investigación artística en música: Problemas, métodos, experiencias y modelos</i>. Barcelona: ICM, 2014.</p> <p>Rodríguez Suso, Carmen. <i>Prontuario de musicología</i>. Barcelona: Clivis, 2002.</p> <p>Torres Ripa, Javier, ed. <i>Manual de estilo Chicago-Deusto</i>. Bilbao: Universidad de Deusto, 2013.</p> <p>Walker, Melissa. <i>Cómo escribir trabajos de investigación</i>. Barcelona: Gedisa, 2000.</p> <p><b>REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS</b></p> <p>Bell, Judith. <i>Cómo hacer tu primer trabajo de investigación. Guía para investigadores en educación y ciencias sociales</i>. Barcelona: Gedisa, 2002.</p> <p>Bellman, Jonathan D. <i>A Short Guide to Writing about Music</i>. Londres: Pearson, 2007.</p> <p>Booth, Wayne C., Gregory G. Colomb e Joseph M. Williams. <i>Cómo convertirse en un hábil investigador</i>. Barcelona: Gedisa, 2001.</p> <p>Cámara de Landa, Enrique. <i>Etnomusicología</i>. Madrid: ICCMU, 2004.</p> <p>Cowdery, James R. ed. <i>How to Write About Music: The RILM Manual of Style</i>, 2ª ed. Nova Iorque: RILM, 2006.</p> <p>Díaz, Maravillas. <i>Introducción a la investigación en educación musical</i>. Madrid: Enclave Creativa, 2006.</p> <p>Eco, Umberto. <i>Cómo se hace una tesis: Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura</i>. Barcelona: Gedisa, 2002.</p> <p>Gómez Muntané, Maricarmen, Fernando Hernández Hernández e Héctor Julio Pérez López. <i>Bases para un debate sobre investigación artística</i>. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 2006.</p> <p>Herbert, Trevor. <i>Music in Words. A Guide to Researching and Writing about Music</i>. Londres: ABRSM, 2001.</p> <p>López-Cano, Rubén. <i>Cómo hacer una comunicación, ponencia o paper y no morir en el intento</i>. s.l.: SIBE, 2012.</p> <p>Sadie, Stanley, e John Tyrrell, eds. <i>The New Grove Dictionary of Music and Musicians</i>, 2ª ed., 29 vols. Oxford: Oxford University Press, 2001.</p> <p>Sampsel, Laurie J. <i>Music Research: A Handbook</i>. Oxford: Oxford University Press, 2008.</p> <p><b>OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS</b></p> <p>Os alumnos deben estar inscritos no curso da materia na plataforma Aula Cesga. Todas as entregas faranse en 'Tarefas', onde están descritas con detalle. En 'Documentos' facilitanse os exercicios e os modelos para os portafolios, así coma diferentes materiais de estudo. É de especial importancia a presentación elaborada polo profesor. En 'Enlaces' atópanse recursos que o alumnado precisan coñecer e empregar. Nos 'Foros' pódense consultar comentarios e dúbidas resoltas. Este é o medio preferente para calquera consulta sobre a materia, dispoñendo dun foro 'Dúbidas sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe' e foros específicos para cada parte dos contidos e cada tarefa.</p> <p><b>RECURSOS MATERIAIS NA AULA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.</li> <li>-Reprodutor de son e vídeo multi-formato.</li> <li>-Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.</li> </ul> <p><b>RECURSOS MATERIAIS DO ALUMNADO</b></p> <p>O alumnado debe contar cun dispositivo con cámara web, micrófono, conexión a internet, navegador, procesador de texto, software para presentacións, lector de PDF e reprodutor de MP3.</p>